



## **Proposicións non de lei aprobadas polo Pleno do Parlamento de Galicia o 7 de marzo de 2012**

### **3.2 08/PNP-1494 (74676)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Oubiña Solla, Rosa e seis deputados máis**

**Sobre o desenvolvemento dos dereitos e das medidas establecidas no ámbito educativo na Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero**

***Publicación da iniciativa, BOPG núm. 600, do 15.12.2011***

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver os dereitos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e facer balance das actuacións realizadas ata o momento.

2. Garantir todas aquelas medidas establecidas por lei no ámbito educativo para a concienciación e erradicación da violencia de xénero, dirixíndose ao Goberno central para solicitarlle que incidan tamén no impulso destas medidas.

3. Dirixirse ao Goberno do Estado para continuar implementando os dereitos previstos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

4. Dirixirse ao Goberno do Estado para que estenda a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, aos e ás



menores, tendo en conta a reunión sectorial de igualdade que tivo lugar en abril de 2010.”

**3.4 08/PNP-1577 (76734)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Rodríguez González, Román e seis deputados máis**

**Sobre a implementación polo Goberno galego de liñas de acción tendentes a potenciar a avaliación de resultados nos centros educativos e favorecer a transparencia dos datos obtidos**

**Publicación da iniciativa, BOPG núm. 636, do 09.02.2012**

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implementar liñas de acción tendentes a potenciar a avaliación de resultados nos centros educativos e favorecer a transparencia dos datos obtidos.”

**3.6 08/PNP-1619 (77711)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Sestayo Doce, Beatriz**

**Sobre o asinamento polo Goberno galego dos convenios cos concellos para o desenvolvemento do Plan Educa3 e o financiamento da construción de 21 escolas infantís, así como o establecemento dun calendario de licitación e execución das obras que permita a súa entrada en funcionamento, como moi tarde, o 31 de decembro de 2012**

**Publicación da iniciativa, BOPG núm. 646, do 23.02.2012**

O texto aprobado é o seguinte:



“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a asinar coa maior prása posible os convenios coa Administración local implicada que permitan desenvolver o Plan Educa3.”

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2012

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia